



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión II**, relativa aos retrasos na conexión ferroviaria ao porto exterior de Ferrol.

Retrasos e desfeitas configuran o quefacer do ministerio no que atinxe a conquistar unha conexión ferroviaria para o porto exterior de Ferrol, dentro do desbaldimento de recursos públicos que supoñen construír dous portos exteriores afrontados a poucas millas de distancia, caso dos de Ferrol e A Coruña. Interese en desenvolver esa infraestrutura é claro que non teñen.

Escolleu o ministerio a variante que máis danos cauxa á deteriorada ría ferrolá nunha lectura de estreito economicismo que concitou o rexeitamento xeral das entidades cidadás. A elección da variante sur constitúe unha desfeita a evitar. Aínda así os retrasos son marca de fábrica do goberno Rajoy: a licitación do proxecto anunciouna a ministra no verán do 2012 para se formalizar como contrato no outono do 2013. O prazo de execución era de 8 meses, vencidos en xullo do 2014, sen que a visita electoral da ministra poidera deitar luz sobre cando se rematará o proxecto.

Retrasos e desfeitas nun proxecto que polos seus danos medioambientais, sociais e mesmo económicos debe quedar gardado no caixón das malas ideas.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Que explicación dá a Xunta dos continuos retrasos no desenvolvemento dos accesos ferroviarios ao porto exterior de Ferrol?
- Como se explica que a ministra non sexa quen de comprometer un prazo para rematar o proxecto?
- Vai instar o goberno galego ao ministerio a reconsideración do actual proxecto O de accesos ferroviarios ao porto exterior de Ferrol na variante sur que elixira o ministerio, para no seu lugar optar pola variante de menor impacto ambiental para a ría de Ferrol?

En Compostela, a 27 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 27/02/2015 12:15:52